



LISTA DE ASISTENTES

Alonso De Abel, Diego
 Araujo Otero, Uxía
 Area Carracedo, Iván
 Barcia Rodríguez, Ignacio
 Bernal Gómez, Rosa
 Blanco Pesqueira, Antonia
 Cabeza Pereiro, M^a Carmen
 Campos Casal, Jacobo
 Castro Oliva, Manuel
 Cid Fernández, Xose Manuel
 Cidrás Pidre, José
 Cruces Colado, Susana
 Diéguez Castrillón, M^a Isabel
 Domínguez Martín, Jorge
 Fariñas Valiña, Iago
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco
 García Lores, José Antonio
 García Mateo, M^a Del Carmen
 García Pino, Antonio
 Garrido Valenzuela, Irene
 Garriga Domínguez, Ana
 Gesteira Iglesias, Nuria
 González Pillado, Esther M^a
 González Piñeiro, Luis
 González Vázquez, Encarnación
 Hernández Sánchez, Jesús
 Lago Teijeiro, Xan
 Legido Soto, José Luis
 Liz Marzán, Luis Manuel
 Mejuto Fernández, Juan Carlos
 Membiela Iglesia, Pedro
 Méndez Franco, Óscar
 Molares Pérez, Lucía
 Mollinedo Lois, Carlos
 Montero Muñoz, María
 Muñoz López, Luis
 Ortiz Torres, Luis
 Pereira Domínguez, Alejandro
 Pousada Carballo, José María
 Quintela Vilariño, Francisco José
 Ramos Cabrer, Manuel
 Reigosa Roger, Manuel Joaquín
 Rodeiro Iglesias, Javier
 Rodríguez Berrocal, Francisco Javier
 Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
 Santoalla Rodríguez, Álvaro Hugo
 Sueiro Justel, Joaquín
 Torres Vázquez, Luis
 Vidal Vázquez, Ricardo
 Vivas Martínez, Carlos

DESCULPAN ASISTENCIA:

Martínez Ínsua, Ana Elina
 Rodríguez Fuentes, Gustavo

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 8 de novembro de dous mil seis, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O mércores, día 8 de novembro de 2006, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2006.
2. Informe do Reitor.
3. Aprobación, se procede, do programa especial de promoción do persoal docente e investigador 2006.
4. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2007/08.
5. Comisións de Servizo.
6. Aprobación da modificación puntual da normativa de libre elección.
7. Aprobación, se procede, das propostas de novos Programas Oficiais de Posgrao.
8. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: I Máster en Dereito Tributario, I Máster en Economía da Saúde, I Especialista en Investigación de Incendios e I Especialista en Enerxías Renovables.
9. Proposta de nomeamento de María Lameiras Fernández como Delegada da Universidade de Vigo na E.U. de Enfermería de Ourense.
10. Proposta de nomeamento do Vicerreitor de Formación e Innovación Educativa, como membro dos Padroados dos Centros Adscritos á universidade (E.U. de Enfermería de Ourense, E.U. de Enfermería de Pontevedra, E.U. de Enfermería do Mexoeiro, E.U. de Enfermería de POVISA e E.U. de Formación do Profesorado de EXB de Vigo).
11. Aprobación, se procede, do interese da Universidade de Vigo de pertencer á Asociación Estatal de Programas Universitarios de Persoas Maiores.
12. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento e na Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (CETAL).
13. Aprobación, se procede, de solicitudes de transferencias de crédito.
14. Aprobación, se procede, de incorporación de remanente.

15. Aprobación, se procede, dos seguintes regulamentos de réxime interno:
- Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde.
 - Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía.
 - Departamento de Tecnoloxía Electrónica.
16. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: De colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para a organización de actividades de divulgación científica ó longo do ano 2006 – Addenda ó convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña - De colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, a Coruña e Vigo para a integración de estudantes con necesidades especiais – De colaboración entre as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a aprobación do plano de estudos de Posgrao interuniversitario no que se inclúe o título de máster en Fotónica e Tecnoloxía do Laser – De colaboración entre as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a aprobación do plano de estudos de Posgrao interuniversitario en Estadística e Investigación Operativa – De colaboración entre as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a probación do plano de estudos de Posgrao interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral.
17. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Lectura e aprobación, se procede da acta da sesión ordinaria do día 22 de setembro de 2006.

Apróbase por asentimento

Punto 2.- Informe do Reitor.

O Reitor informa do seguinte:

Sobre a reforma da LOU e das titulacións lembra que o proxecto de Lei está nas Cortes e que a súa entrada en vigor será como moi tarde na próxima primavera e o Ministerio comprométese para que todo o desenvolvemento regulamentario que implica a nova Lei, e de xeito particular o novo Estatuto do Persoal Docente e Investigador, estea aprobado dentro do presente curso 2006-07.

Agás a presentación por parte do Ministerio do documento titulado “La organización de las enseñanzas universitarias en España” que está a disposición de todos na páxina web, non hai máis novas salientables.

Aínda que a CRUE non se manifestou ao respecto, coñécense algunhas reaccións individuais que permiten sinalar os aspectos máis polémicos da reforma proposta:

a) DURACIÓN UNIFORME DOS TÍTULOS A 240 CRÉDITOS: a opinión xeneralizada parece ser negativa á solución uniforme e máis proclive a unha solución flexible:

As titulacións que funcionan razoablemente ben a 180 créditos poderían continuar como están, xa que funcionan ben e así a primeira permanencia na universidade sería máis curta e sempre poderíase volver á mesma.

Ademais debería ser posible que as universidades que queiran xeneralizar as titulacións a 180 créditos poidan facelo, como decidiu o Sistema Universitario Catalán. Así mesmo o SUC considera que a solución 3+2 pode atraer a máis estudantes estranxeiros, pero o documento ministerial cre que 4+1 resulta máis competitivo en Hispanoamérica.

b) POSIBILIDADE DE DESEÑAR UN PRIMEIRO CURSO DE 60 CRÉDITOS COMÚN POR ÁMBITO DE COÑECEMENTO, para que o alumno poida elixir mellor e con menor risco de fracaso ou abandono, sen que iso teña custo académico e persoal.

Se se puxera en marcha esta modalidade, sería necesario:

Traballar con titulacións homoxéneas e non con ámbitos de coñecemento.

Precisar moito mellor qué debe entenderse por “Directrices Xerais” de Ámbito: se normas administrativas ou tamén regulacións sobre contidos.

c) REXISTRO DE TÍTULOS. Enténdese que este proceso acabará tendo un carácter dual, cun escenario coa seguinte composición:

Un Catálogo preciso de títulos, contidos e competencias para as Titulacións basicamente do Ámbito Tecnolóxico.

Un Rexistro impreciso e sometido a todo tipo de influencias para as Titulacións sen competencias asignadas.

Unha presión continua para acadar directrices propias por parte de cada titulación sen competencias.

d) ACREDITACIÓN DOS TÍTULOS NO REXISTRO: hai preocupación por coñecer os mecanismos, criterios e estándares, xa que afectará tamén aos títulos de doutoramento.

e) SEN PREVISIÓN DE FINANCIAMENTO. Isto provoca inquietude se se implantan os títulos de 240 créditos dado que a nosa universidade tería que implantar máis de 20 novos cursos completos.

f) RESERVA DO TERMO “MÁSTER” para o posgrao oficial, evitando competencias fraudulentas, confusión nos nomes dos títulos e depreciación do termo.

Se xorden documentos de posición sobre estes asuntos nas vindeiras xutanzas da CRUE e do Consejo de Coordinación, informárase puntualmente.

Programa de Cátedras de I+D

Informa de que se trata de 8 Cátedras de I+D, aprobadas o 29 de outubro de 2001 pola Xunta de Goberno, contra as que se interpuxo recurso contencioso-administrativo por parte de dous profesores desta universidade, e que os concursos e tomas de posesión seguiron adiante.

A Universidade de Vigo recibiu en data 20 de outubro de 2006, a comunicación da inadmisión a trámite do recurso de amparo presentado ante o Tribunal Constitucional, dado que, nas anteriores sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo non se vulneran dereitos fundamentais nin a autonomía da institución.

Esta situación está sendo estudada pola Asesoría Xurídica da Universidade e o Reitor ten concertada unha xuntanza cos interesados o vindeiro 16 de novembro, polo que esperarase un prazo para adoptar calquera decisión, do que se informará puntualmente ao Consello de Goberno.

Nomeamentos

O Reitor informa dos seguintes nomeamentos:

Dirección da Área de Igualdade (Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudantes) : CORAL DEL RÍO OTERO.

Dirección do CITI de Ourense (Vicerreitoría do Campus de Ourense): LORENZO PASTRANA CASTRO.

Dirección da Área de Departamentos (Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado): SOLEDAD GARCÍA GIL.

Pre-acordo sobre o convenio laboral

O Reitor informa de que foi acadado un pre-acordo entre a Xerencia e a Comisión Negociadora do Convenio Colectivo desta universidade, para o período 2006-09, asinado pola central sindical CIGA e pendente da súa confirmación polas asembleas e o posterior referendun do persoal laboral.

Manifesta o respecto ás decisións adoptadas pola Xerencia e os representantes dos traballadores e a satisfacción do Equipo de Goberno pola oportunidade de pechar un proceso demasiado longo. Considera que é un pre-acordo equilibrado, apóiao a pesar do esforzo orzamentario que supón e lembra que agora son os traballadores os que deben decidir.

Complemento de excelencia

Por último informa da publicación no DOG do 3 de novembro da Resolución que aproba a convocatoria para solicitar o Complemento de Recoñecemento á Excelencia Curricular Docente e Investigadora. O prazo para estas solicitudes finaliza o día 18 de novembro.

Punto 3.- Aprobación, se procede, do programa especial de promoción do persoal docente e investigador 2006.

Cédese a palabra ó Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que a proposta é similar á do ano 2005, coas características e requisitos que constan no documento que se aporta como **anexo nº 1**.

O Profesor Berrocal pregunta sobre a situación do contratos Parga Pondal, ó que resposta o Vicerreitor de Profesorado que aínda non son moitos, ó que engade o Reitor que se estudará co Vicerreitor de Investigación para que non haxa desaxustes.

Apróbase por asentimento.

Punto 4.- Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2007/08.

Cédese a palabra ó Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen expón que se trata dunha repetición das convocatorias de anos pasados, como se reflicte na mesma convocatoria que se xunta como **anexo nº 2**.

O Prof. Berrocal pregunta se existe algún regulamento onde se recollan os dereitos e deberes das persoas que gozan dun ano sabático, ó que o Reitor resposta que, non habendo una regulación sobre o tema, traerase una proposta de normativa proximamente, de se-lo caso.

Apróbase por asentimento.

Punto 5.- Comisións de Servizo.

Cédese a palabra ó Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen fai referencia a dúas peticións de Comisión de Servizo: do Servizo Vasco de Saúde para o Catedrático de Escola Universitaria D. Juan Carlos Rueda Chimeno; e da Universidade Pablo Olavide de Sevilla para o Profesor Titular D. Manuel Tomás González Fernández; peticións que contan co informe favorable da COAP na súa reunión do 30 de Outubro do presente.

Apróbanse por asentimento.

Punto 6.- Aprobación da modificación puntual da normativa de libre elección.

Cédese a palabra ó Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que se trata de equiparar ós conservatorios de danza co mesmo grado de recoñecemento que xa tiñan os de música, facéndose unha proposta de modificación dos arts. 30 e 32 da Normativa de Libre Elección que quedarían do seguinte xeito:

Artigo 30 “Títulos outorgados polos conservatorios profesionais ou superiores de música ou danza”: *Con suxeición ao máximo de créditos de libre elección homologables establecido no correspondente plano de estudos, a aqueles alumnos e alumnas procedentes dun conservatorio elemental, profesional ou superior de música ou danza recoñeceráselles o número de créditos que a seguir se especifican segundo o grao do que se trate:*

- *Un máximo de 2 créditos polo título de Grao Elemental.*
- *2 créditos por cada un dos ciclos superados que compoñen o Grao Medio, ata un máximo de 6 créditos polo título de Grao Medio.*
- *2 créditos por cada un dos ciclos superados que compoñen o Grao Superior, ata un máximo de 6 créditos polo título de Grao Superior.*

No suposto de estudos cursados en conservatorios elementais de música ou danza, as certificacións farán constar explicitamente que tales estudos están plenamente homologados aos cursados nos conservatorios profesionais e/ou superiores.

A validez das solicitudes de homologación estará supeditada a que se acompañen da correspondente certificación oficial na que se faga constar o(s) grao(s) e/ou ciclo(s) superado(s).

Artigo 32:

O recoñecemento dos cursos de posgrao, títulos dos conservatorios superior, profesional e elementais de música ou danza e das escolas oficiais de idiomas non require que estes estudos se teñan cursado namentres os alumnos ou alumnas se atopen matriculados na Universidade. Só se condiciona a estancia simultánea na Universidade para o recoñecemento de cursos e actividades académicas indicadas nos artigos 23,24,25 e 26 da presente normativa.

Apróbase por asentimento

Punto 7.- Aprobación, se procede, das propostas de novos Programas Oficiais de Posgrao.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen sinala que a proposta, xa aprobada pola Comisión de Posgrao, refírese a dúas situacións distintas:

En primeiro lugar, os novos programas oficiais de posgrao, que son os seguintes:

- Tecnoloxía de polímeros e plásticos.
- Dereito urbanístico e do medio ambiente.
- Fototónica e tecnoloxías dos láseres.
- Estadística e investigación operativa.
- Ciencia e Tecnoloxía química.
- Química teórica e modelización computacional.
- Xestión en dirección laboral.
- Estudos Galegos.
- Enerxía e sustentabilidade.

En segundo lugar, programas oficiais de posgrao xa ofertados no anterior curso académico, pero que neste momento solicitan algunha modificación sustancial. Trátase dos seguintes:

Seguridade integral.
Física aplicada.
Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñería e ciencias aplicadas.
Ciencia e Tecnoloxía agroalimentaria.
Neurociencias.
Estudos de xénero.

O contido concreto dos novos POPs así como as modificacións dos POPs do anterior curso académico constan nos CDs que se aportan como **anexo nº 3**.

O Prof. Legido intervén para por de manifesto a sorpresa na Universidade da Coruña, onde existe un grupo de investigación que traballa en polímeros, pola presentación dun POP en Tecnoloxía en polímeros e plásticos.

Debátese sobre o tema entre o Profesor Legido, o Reitor e a Vicerreitora de Títulos e Convergencia Europea, e finalmente o Reitor sinala que se trasladará o malestar ós investigadores implicados da Universidade de Vigo, no seu caso.

O Prof. Berrocal intervén para por de manifesto a necesidade de que o equipo reitoral dea unhas orientacións claras sobre os POPs, tendo en conta que na proposta para o seguinte curso académico hai POPS de carácter profesionalizante e tamén académico e investigador.

O Reitor reitera que a posición institucional é que se oferten preferentemente POPs de carácter profesionalizante e cunha duración de 60 créditos, aínda que os investigadores teñen o apoio do equipo reitoral se precisan de POPs académicos ou investigadores.

Entra tamén no debate o Profesor Legido para por de manifesto o seu desacordo coa decisión institucional de apoio ós POPs de 60 créditos.

Intervén por último a Vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea para reiterar as palabras do Reitor, no sentido antes exposto.

Apróbase a proposta de POPs por asentimento.

Punto 8.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: I Máster en Dereito Tributario, I Máster en Economía da Saúde, I Especialista en Investigación de Incendios e I Especialista en Enerxías Renovables.

Cédese a palabra ó Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, quen sinala que todos estes cursos contan co informe favorable da COAP na súa reunión de 30 de outubro.

Intervén o Sr. Torres Vázquez para por de manifesto a súa sorpresa pola diferente remuneración do persoal de Administración e Servizos nos distintos cursos que se presentan para a súa aprobación.

O Reitor resposta que, dentro dos límites establecidos polo Consello Social, cada proposta de curso dependerá do que establezan os promotores de acordo coas necesidades do mesmo.

O Prof. Berrocal sinala que existe confusión entre os POPs e os Másters non oficiais e pregunta sobre a existencia dalgunha previsión sobre a posible conversión de Másters en POPs.

O Reitor sinala que a diferenza entres os POPs e os Másters non oficiais é clara posto que mentres estes últimos non teñen apoio institucional, os oficiais teñen apoio económico e ademais quérese incorporar un plan especial de desgravacións en POD para os coordinadores dos mesmos. Deste xeito o natural é que os Másters no oficias se vaian transformando en POPs.

Procédese á votación sobre a aprobación dos cursos anteriormente expostos:

- Votos a favor: 27.
- Votos en contra: 2.
- Abstencións: 6

Apróbanse por maioría os cursos de acordo coa memoria do **anexo 4**.

Punto 9.- Proposta de nomeamento de María Lameiras Fernández como Delegada da Universidade de Vigo na E.U. de Enfermería de Ourense.

De acordo co establecido no art. 27 do Regulamento de Centros Adscritos, propónse a María Lameiras Fernández, como Directora Delegada da E.U. de Enfermería de Ourense.

Apróbase por asentimento.

Punto 10.- Proposta de nomeamento do Vicerreitor de Formación e Innovación Educativa, como membro dos Padroados dos Centros Adscritos á universidade (E.U. de Enfermería de Ourense, E.U. de Enfermería de Pontevedra, E.U. de Enfermería do Mexoeiro, E.U. de Enfermería de POVISA e E.U. de Formación do Profesorado de EXB de Vigo).

De acordo cos arts. 14 e 15 do Regulamento de Centros Adscritos, propónse ó Vicerreitor de Formación e Innovación Educativa como membro dos Padroados dos Centros Adscritos á Universidade.

Apróbase por asentimento.

Punto 11.- Aprobación, se procede, do interese da Universidade de Vigo de pertencer á Asociación Estatal de Programas Universitarios de Persoas Maiores.

Cédese a palabra ó Vicerreitor de Formación e Innovación Educativa, quen pide a aprobación do Consello de Goberno en canto requisito para a incorporación da Universidade nesta asociación que engloba todos os programas de maiores.

Apróbase por asentimento.

Punto 12.- Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo na Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento e na Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (CETAL).

No primeiro caso, a Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento é unha iniciativa do Presidente da Xunta de Galicia co obxectivo preferente de alcanzar fins de interese xeral na Comunidade Autónoma de acordo co establecido nos estatutos. As propostas de estatutos das dúas fundacións teñen informe favorable da asesoría Xurídica. O custo da participación da Universidade é de 60.000 euros.

No que respecta á Fundación Centro Tecnolóxico Agroalimentario de Lugo (Cetal), o seu obxectivo é o impulso do sector agroalimentario de acordo co establecido nos estatutos. O custo da participación da Universidade está por determinar.

Apróbase por asentimento.

Punto 13.- Aprobación, se procede, de solicitudes de transferencias de crédito.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Economía quen sinala que xa se constituíu a Comisión de Planificación e Asuntos Económicos e que, polo tanto, a partir de agora, os temas económicos irán informados pola comisión.

Trátase en concreto, das seguintes transferencias de crédito, informadas favorablemente pola Comisión:

. Da 00CS 300S 48231 á WR60 122I 641.05.....	3.000 €	
Total a transferir á WR60 122I 641.05.....		3.000
. Da ZC11 122H 641.01.05 á Z505 122F 641.02 ...	712,65	
. Da ZC11 122H 641.01.99 á “ “ “ ...	409,30	
. Da ZC11 122H 641.01.06 á “ “ “ ...	3.778,05	
Total a transferir á Z505 122F 641.02.....		<u>4.900</u>
TOTAL TRANSFERENCIAS		<u>7.900</u>

Apróbase por asentimento.

Punto 14.- Aprobación, se procede, de incorporación de remanente.

Cédese a palabra á Vicerreitora de Economía, quen sinala que se trata da seguinte incorporación de remanentes, xa informada favorablemente pola Comisión de Planificación e Asuntos Económicos:

Programa 122P “Proxectos de Investigación con financiamento externo ”

P401 - 646.02	2.654,52
X308 - 644.02	3.922,96

REMANENTE APLICADO Ó PROGRAMA 122P 6.577,48

IMPORTE TOTAL APLICADO 6.577,48

Apróbase por asentimento.

Punto 15.- Aprobación, se procede, dos seguintes regulamentos de réxime interno:

- Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde.
- Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía.
- Departamento de Tecnoloxía Electrónica.

Cédese a palabra a Secretaria Xeral quen sinala que todos eles teñen informe favorable da asesoría xurídica e teñen sido revisados pola área de normalización lingüística. (**Anexo 5**)

Apróbanse por asentimento.

Punto 16.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: De colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para a organización de actividades de divulgación científica ó longo do ano 2006 – Addenda ó convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña - De colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades de Santiago de Compostela, a Coruña e Vigo para a integración de estudantes con necesidades especiais – De colaboración entre as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a aprobación do plano de estudos de Posgrao interuniversitario no que se inclúe o título de máster en Fotónica e Tecnoloxía do Laser – De colaboración entre as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a aprobación do plano de estudos de Posgrao interuniversitario en Estadística e Investigación Operativa – De colaboración entre as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a probación do plano de estudos de Posgrao interuniversitario en Xestión e Dirección Laboral.

Apróbanse por asentimento.

Punto 17.- Rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Torres Vázquez para agradecer ó Reitor a mención ó pre-acordo sobre o convenio laboral acadado coa a Xerencia da Universidade de Vigo e para pedir desculpas polos compañeiros que fixeron a protesta ó inicio de sesión do Consello de Goberno.

Intervén a Sra. Bernal para solicitar, en relación ós Masters, que se fixen as condicións de acceso do persoal de administración e servizos e se controle a remuneración do mesmo.

O Reitor resposta que xa existe un control da remuneración por parte do Consello de Goberno e despois do Consello Social.

O prof. Pereira intervén para sinalar que o pre-acordo sobre o convenio laboral se fixo unicamente con sindicato e pregunta se existe un sindicato amarelo.

O Sr. Mollinedo contesta como membro do Sindicato aludido e como membro da mesa negociadora sinalando que os outros sindicatos non se presentaron.

O Prof. Berrocal introduce o tema da complicada xestión económica dos Departamentos e pregunta se é posible una xestión menos farragosa, e se poden os departamentos traballar cunha

partida contable única e sen subapartados estanco para os diferentes gastos (protocolo, material oficina...).

Debátese sobre o tema coa intervención do Reitor e o Profesor Berrocal e finalmente o Reitor pon de manifesto a imposibilidade de traballar cunha conta única e suxire que cada Departamento, antes da elaboración do presuposto de cada ano, solicite o tipo concreto de adscrición contable que considere oportuna.

Intervén novamente o Prof. Berrocal para preguntar cándo se vai solicitar a proposta de programas de doutoramento para o curso académico 2007/2009. Resposta a Vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea que están á espera de que o Ministerio de Educación publique no BOE o decreto que prorroga o doutoramento e que seguramente este ano, de novo, as propostas de doutoramento serán de renovación dos programas xa vixentes.

Pregunta o Prof. Berrocal polo estado das negociacións do Programa empresa-concepto, ó que o Reitor resposta que coñeceu o tema no mes de xullo na correspondente Consellería e que o Programa tal e como está concibido non lle gusta, pero xa non se podía facer nada para cambiálo, debe tenderse a que cada universidade teña a súa asignación propia e non que as iniciativas empresariais se canalicen a través da Universidade de Santiago de Compostela.

Pide tamén o Prof. Berrocal que se informe sobre os contactos co Hospital. O Reitor resposta que xa houbo reunión entre o equipo de Goberno e os responsables do CHUVI, o obxectivo é implicar ós grupos no FECHUVI. Tamén se falou coa Conselleira de Saúde do Módulo Biosanitario e das estruturas de investigación, coa aspiración de que, tendo en contra a construción do novo hospital, se compartan as estruturas de investigación.

Por último, o Prof. Berrocal pregunta sobre a idea de unidade asociada e a necesidade da súa regulación. Debátese sobre o tema coa intervención do Vicerreitor de Investigación e o Xerente, quen sinala que a LOU permite a creación deste tipo de estruturas de apoio á investigación. Termina sinalando o Reitor que estudarase o tema.

Intervén o Sr. Fariñas para por de manifesto o problema relativo á interpretación do punto 5.3 da normativa de permanencia cando sinala que: “Antes de matricularse noutra(s) materia(s) por primeira vez, o estudante ten que matricularse das materias troncais, obrigatorias de universidade...”, no sentido de permitir ó estudante matricularse das materias que desexe sempre que non sexa por primeira vez, cando non se matricula de ningunha materia nova. Polo contrario, o sistema informático, segundo información dos alumnos da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións obriga ós alumnos a matricularse de todas as materias troncais e obrigatorias de anos anteriores e despois remitir una instancia ó servizo de alumnado para que anule, no seu caso, a matrícula desas materias.

O Reitor pregunta ó Director da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións se ten coñecemento sobre o tema, quen resposta negativamente. O Sr. Iago Fariñas solicita que se estude este problema.

Intervén novamente o Sr. Fariñas para suscitar o tema dos horarios de apertura das Bibliotecas da Universidade de Vigo e máis concretamente do Campus de Ourense, á vista da demanda dos alumnos dese campus dos que ten máis de 500 firmas (que mostra no momento),

que solicitan unha ampliación do horario de apertura da mesma: en épocas de exames, abrindo en horario nocturno e fins de semana en horario continuado, pero tamén o resto do ano recuperando o horario dos fins de semana.

É un agravio comparativo, fronte ás Bibliotecas centrais de Pontevedra e Ourense o feito de que os fins de semana a Biblioteca de Torrecedeira permaneza aberta de 9 da mañá a 9 da noite. Por es emotivo solicita a ampliación dos horarios de apertura das Bibliotecas de Pontevedra e Ourense, así como a recuperación dos horarios de fins de semana dos períodos nos que non haxa exames, e que funcione o servizo de préstamo.

Debátese sobre o tema coa intervención do Xerente e o Sr. Reitor, expoñéndose por parte do primeiro a situación actual dos horarios das bibliotecas e o traballo que se ven facendo dende hai tempo para adecuarse ás necesidades realmente demandadas pola comunidade universitaria.

Intervén o Sr. Mollinedo para preguntar se existe algún criterio de avaliación sobre este servizo de biblioteca e pon de manifesto que a Universidade está dando un servizo que tería que dar o Concello respectivo.

Debátese novamente coa intervención do Reitor e o Xerente. Finalmente se acorda estudar o tema e buscar unha solución que satisfaga os intereses de todos.

Intervén o Prof. Legido para preguntar si no arquivo do persoal da Universidades está incorporada toda a información sobre o persoal da mesma.

Contesta a Secretaria Xeral indicando que xa houbo una reunión co Vicerreitor de Profesorado e o Xerente para adoptar as medidas necesarias para a incorporación dos datos do persoal relativos a cargos académicos, pensando sobre todo en que sobre o mes de xuño do ano que ven se prevé a convocatoria pola Xunta dos complementos retributivos por xestión.

Pregunta o Prof. Domínguez sobre os criterios de asignación do parque móbil da Universidade. Contesta o Sr. Xerente que as prioridades de uso son: transporte de persoal, prácticas docentes e atención ás saídas dos membros de dirección. Despois, outros criterios son os transportes para actividades como reunións científicas ou proxectos, pero este tipo de actividades solen ter financiamento e, esa subvención é a que debe costear o transporte.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:05 horas do día 8 de novembro de 2006 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

A secretaria xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M^a González Pillado